PARTICIPACIÓN CONSULTA PÚBLICA DA LEI DE CALIDADE ALIMENTARIA

INTRODUCIÓN

No ano 2013 publicouse a *Ley 13/2013, de 2 de agosto, de fomento de la integración de cooperativas y de otras entidades asociativas de carácter agroalimentario*. Esta lei trata de incentivar a constitución de grandes cooperativas suprautonómicas, e considérase básica para animar e fomentar que a necesaria dimensión chegue a todas as cooperativas e se impulsen con forza e claridade ao propoñer incentivos. Pero, o importante é poder vender mellor o froito do esforzo dos gandeiros e agricultores socios das cooperativas, fin básico e fundamental para crear estruturas máis dimensionadas e, sobre todo, sostibles.

En diversas comunidades autónomas existen normas (decretos, ordes,…) que apoian ás entidades beneficiarias da Lei 13/2013. De forma resumida, encontrámonos con estes apoios directos en Castela e León, Mancha e Andalucía que xa publicaron os Decretos que regulamentan os requisitos de recoñecemento das Entidades Asociativas Prioritarias de ámbito rexional, e Estremadura está en fase de desenvolvemento do borrador. Tamén, con recursos propios da comunidade autónoma nos encontramos con diferentes medidas en Cataluña. Ademais, existen comunidades autónomas que deseñaron medidas de apoio ás Organizacións de Produtores no marco dos seus PDRs.

Son medidas de gran importancia e de escaso custo financeiro que incentivan o asociacionismo e a concentración da oferta. Así, nove comunidades autónomas conceden pequenos incentivos aos investimentos en explotacións que son socias de cooperativas (Andalucía, Asturias, Cantabria, Estremadura, A Rioxa, Madrid, Murcia, Navarra e País Vasco) e así sucesivamente.

O escaso interese por apoiar o cooperativismo da nosa comunidade autónoma ten graves consecuencias, para as cooperativas e especialmente para os seus agricultores e gandeiros socios, mostrando unha escasa articulación e estruturación cara ao mercado dos mesmos.

¿Cales serían as consecuencias para os agricultores se as cooperativas deixasen de existir? Para responder a esta pregunta, basta con pensar nas condicións que existían antes da formación das cooperativas, ou alí onde non teñen un peso empresarial no mercado determinante. Por exemplo, se collemos os datos de prezos elaborados polo MAPA segundo a Declaración de Entregas de Leite Cru aos Primeiros Compradores do mes de Agosto 2021, o prezo medio en España para ese mes era de 0,338€/l, sendo en Galicia de 0,327, en Andalucía 0,351, País Vasco 0,366, Principado de Asturias 0,348. Por tanto, sabemos que onde hai presencia importante de cooperativas e con peso real no mercado, os prezos pagados aos gandeiros son claramente mellores. Neste caso, o peso acadado polas cooperativas en Andalucía, País Vasco e Asturias permítelle aos gandeiros dispoñer de prezos substancialmente elevados. Do mesmo xeito podemos falar do sector vitivinícola de Galicia, que apenas produce un 2,5% do viño de España, pero a disposición dunhas adegas cooperativas que comercializan nos mercados estatais e internacionais os viños galegos, provoca que os prezos da uva en Galicia sexa dos

Santiago de Compostela. Rúa Tomiño, nº 22 - Soto. 15703 - Stgo. de Compostela. A CORUNA. Aptdo.: 2069. T 981 584 783 - 981 584 911 F 981 571 730 agaca@agaca.coop
Lugo. Rúa Poeta Noriega Varela, nº 30 - Etplta. 27004 - Lugo. LUGO. T 982 201 514 - 982 201 543 F 982 202 056 agacalugo@agaca.coop
Ourense. Rúa Bedoia, nº 7 - 2º - Of. 1. 32004 - Ourense. OURENSE. T 988 242 481 F 988 242 480 agacaourense@agaca.coop
www.agaca.coop

máis altos de España, e que o conxunto do sector teña un peso moito máis elevado (entre o 5% e o 7%) en termos de valor engadido do sector a nivel de España.

O papel das cooperativas demostrou ser positivo en, polo menos, dous aspectos. Un deles é que nas rexións nas que as cooperativas posúen grandes cotas de mercado, os prezos son superiores, de acordo coa teoría do benchmarking competitivo. Os socios non cooperativos tamén saen beneficiados, posto que tamén eles reciben un prezo lixeiramente superior ao dos produtos vendidos ás empresas de capital que producen bens de alto valor engadido. Un segundo aspecto é que as cooperativas ofrecen unha garantía de pago aos seus socios, o que na maioría das rexións é moi importante para os agricultores.

En resumo: **é fundamental que a administración acompañe e apoie coa lexislación ás cooperativas para compartir a labor que fan as mesmas nos mercados. Non debería subestimarse o que representan para o sector primario as cooperativas, o que son, o que fan e o que van a seguir facendo**.

As cooperativas enfróntanse a loita para reverter o cambio climático na agricultura e gandería; tamén son as entidades que van a dar o salto tecnolóxico que implicará a dixitalización do agro; as que van a seguir traballando para que a prosperidade poida chegar ata todos os agricultores e gandeiros, incluso nun medio rural en desbandada e abandono. E o van a facer porque é o que cren e creron sempre. Son parte fundamental da transformación e modernización do noso medio rural, agrario e gandeiro. Non se ten valorado na súa totalidade a labor desenvolta polos seus servizos técnicos, de subministros de pensos, forraxes, abonos,...; polos servizos de maquinaria e os servizos profesionais prestados aos socios. Nestas actividades o conxunto das cooperativas teñen un gran peso no noso medio rural.

Para abordar os retos de futuro é necesario seguir incrementando a produtividade dos socios e poder competir en igualdade de condicións cos agricultores e gandeiros doutros países. Por iso, as cooperativas vemos con preocupación neste Anteproxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia excesivas referencias á protección dos produtos locais e artesanais de cara a impulsar a instalación de pequenas industrias e explotacións agrarias. Comprendemos, tal como se cita no preámbulo do Anteproxecto, que “a produción artesanal alimentaria é unha actividade de suma importancia para a Comunidade Autónoma de Galicia”. Pero, para as cooperativas, é unha mágoa que non se cite o papel clave que resulta para Galicia a produción agroindustrial onde teñan peso estratéxico directamente os produtores. Neste senso, solicitamos aos lexisladores unha reflexión sobre os seguintes aspectos:

- ¿Cales son os mercados de futuro do sector lácteo galego se, aproximadamente, máis de oito de cada dez litros producidos polos nosos gandeiros ten que ser consumidos fora da nosa Comunidade?
- ¿Cales son os mercados de futuro do sector de cunicultura de Galicia se, aproximadamente, oito de cada dez coellos producidos polos nosos gandeiros ten que ser consumidos fora da nosa Comunidade?
- ¿Cales son os mercados de futuro do sector de vacún de carne galego se, aproximadamente, cinco de cada dez quilos de carne producidos polos nosos

gandeiros teñen que ser consumidos fora da nosa Comunidade? Esta mesma pregunta podemos facela en relación coa carne de aves, onde máis do 50% é consumida fora da nosa comunidade.

- ¿Cales é o futuro do sector vitivinícola de Galicia se non logramos manter e impulsar as vendas de viño no mercado estatal e nos internacionais?, para o que se necesita tamaño empresarial, dimensión e estratexia dos nosos produtores agrupados nas adegas cooperativas.

Por iso, dende as cooperativas consideramos necesario establecer unha alianza cos poderes públicos galegos para posibilitar que o cooperativismo siga medrando e abordando, con erros e acertos, os mercados exteriores (estatais e internacionais) de Galicia. A nosa Comunidade Autónoma, a curto prazo, nunca vai ter posibilidade de acceder a un número de turistas que posibilite que os alimentos sexan consumidos no propio territorio. Incluso, consideramos clave a exportación, xa que tampouco o nivel adquisitivo do consumidor galego vai acadar niveis que permitan a compra de produtos alimentarios de alto valor engadido e de calidade altamente diferenciada, como poden ser os nosos viños, algunhas das nosas carnes e moitos dos nosos transformados.

Por suposto, non podemos deixar de lado o turismo gastronómico, nin o incremento de rendas do futuro consumidor galego, e, moito menos, que se perdan as especialidade alimentarias galegas de alta aceptación dos consumidores. Pero, os poderes públicos de Galicia non deben centrar a estratexia da calidade e do comercio alimentario, en exclusiva, na pequena empresa alimentaria, no produto artesanal, na gastronomía, nos produtos exclusivos. Non conten coas cooperativas para esquecer e poñer trabas ás aspiracións lexítimas relacionadas cos mercados exteriores ao noso territorio, de seguir intentando progresar nos mesmos para defender mellores prezos para os seus socios (agricultores e gandeiros), e de seguir existindo fronte aos grandes grupos multinacionais alimentarios estatais e internacionais que, como é lóxico, buscan o beneficio propio mercando as produción aos nosos agricultores e gandeiros ao prezo máis baixo posible.

OS CONSELLOS REGULADORES

En relacións aos Consellos Reguladores o espírito do Anteproxecto de Lei traslada un claro impulso á coordinación dos diferentes consellos reguladores. A ninguén se lle escapa que unha coordinación e potenciación dos consellos reguladores pode resultar claramente positivo de cara a unha maior incidencia dos mesmos nos mercados, especialmente de aqueles máis pequenos e peor dotados de orzamentos.

Sen embargo, queremos manifestar que calquera medida do Anteproxecto de Lei que se apliquen para coartar por completo a autonomía dos consellos reguladores non contará co apoio maioritaria das cooperativas agroalimentarias de Galicia. Tanto o Consello Alimentario de Galicia como a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, deben ser órganos de consulta pública e participativa do sector da calidade diferenciada de Galicia, pero que **non poden suplantar as funcións que hoxe residen nos plenos das denominacións de orixe protexida e nas indicación xeográficas protexidas e nos seus equipos profesionais**.

Por todo iso, entendemos que o Anteproxecto necesita **reforzar aqueles artigos da futura Lei que veñen a potenciar as funcións dos consellos reguladores e a suprimir aqueles aspectos que supoñan limitacións de funcións dos mesmos**. Hoxe en día, a maioría dos operadores que se sentan nos consellos reguladores teñen unha longa experiencia e gran capacidade para defender e comprender as necesidades do conxunto do sector, do seu sector. Tal vez, as diferencias de criterio que na actualidade se veñen producindo nos consellos reguladores máis pequenos e con menos recursos, poidan ser superados dotando aos mesmos dos profesionais que precisen para o desempeño das súas funcións.

Entendemos que resulta fundamental que **a planificación estratéxica e as decisións estratéxicas deben seguir sendo competencia dos plenos dos consellos reguladores, sen que isto impida o asesoramento doutros órganos que establece a Lei coa finalidade de impulsar actuacións conxuntas**. Ninguén mellor que un consello regulador coñece, ou debe coñecer, cales son as tendencias de mercado no seu ámbito, as necesidades do territorio, tanto dende a perspectiva produtiva como dende a perspectiva social, industrial e comercial. En definitiva, ninguén mellor que o propio consello regulador para coñecer as súas peculiaridades. Os organismos superiores so deben intervir nos casos de bloqueos, estancamentos, atrancos, ... coa finalidade de desatascar, aconsellar e orientar.

Parece evidente que, **salvo en casos excepcionais, as funcións de control do pleno do consello regulador, certificado por ENAC, deben ser actividades ordinarias dos mesmos e non delegadas**. Neste senso, entendemos que un consello regulador ten capacidade para desenvolver estas funcións cando o valor da produción certificada supera os cinco millóns de euros, xa que teñen marxe económica para establecer as taxas correspondentes e dispoñer dos equipos precisos. Nos casos dos consellos reguladores con escaso movemento económico esta colaboración económica de AGACAL pode resultar necesaria.

Entendemos que **as labores de promoción, así como os mercados obxectivo ou as campañas de comunicación a levar a cabo, desenvoltos con recursos propios por parte dos consellos reguladores, deben ser establecidos polos mesmos mediante os acordos do plenario do consello regulador, e a Lei non pode expropiar esta capacidade de xestión aos consello reguladores**. Isto non pode ser un impedimento para que tamén se acorden actuacións conxuntas. En caso de actuacións conxuntas, ou colectivas, de varios consellos reguladores, a propostas de organismos superiores contemplados na Lei, deberían ser financiadas con outros recursos económicos que non procedan dos propios consello reguladores. Caso de que se queira recorrer para o financiamento das actuacións de promoción colectiva aos fondos propios dos consello reguladores, este recurso de financiamento debe estar limitado por Lei a un porcentaxe de dito fondos. Dende as cooperativas consideramos que esta achega dos consellos reguladores aos programas de promocións conxuntos nunca deben superar o 15% dos fondos destinados á promoción por cada un dos consello reguladores de Galicia.

É moi importante que **calquera nova marca de garantía ou distintivo (tipo artesán, caseiro,...) que se vaia a aprobar para un mesmo produto amparado por un consello regulador debe ser necesariamente aprobado por unha maioría reforzada do plenario do correspondente consello regulador.** Non podemos admitir que poida haber operadores e produtos que teñan

unha marca ou selo diferente e distinto que o resto dos membros do consello regulador, salvo claro está, o de produción ecolóxica. En ningún caso é comercialmente operativo que existan marcas protexidas fora dos regulamentos do consello regulador, dada a confusión que provoca no consumidor final.

Neste senso, os viños galegos e Ternera Galega, encóntranse nun momento historicamente próspero en canto ao seu lugar no mercado e nun claro crecemento. Algo que, sen ningunha dúbida, débese o bo traballo de todos os integrantes da cadea de valor neste sectores: produtores, transformadores, elaboradores e, por suposto que tamén, aos consello reguladores e aos seus distintos organismos que prestan apoio aos mesmos.

PROPOSTAS SOBRE O ARTICULADO DA LEI

Todo o sinalado nos dous apartados anteriores necesita de reforma do articulado do Anteproxecto de Lei. Pero, a continuación achegamos pequenas propostas de mellora de diferentes aspectos do texto legal.

1º.- Letra m) do artigo 3. Engadir ao texto ao final o seguinte: *, e fomentar a cooperación entre os mesmos para a súa posta no mercado*.

2ª.- Letra d) artigo 5. Nova redacción da mesma: *d) Formación, promoción e fomento do asociacionismo e a cooperación a través da economía social no sector alimentario*.

3º.- Letra a) do punto 2 e artigo 9. Engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: *Para o que procederá a escoitar as propostas dos consello reguladores*.

4º.- Letra d) do punto 2 e artigo 9: Engadir a letra k) ao co seguinte texto: *En ningún momento suplantará as funcións de planificación dos plenos dos consello reguladores das denominacións de orixe protexida e nas indicación xeográficas protexidas*.

5º.- Letra g) do punto 2 e artigo 9: Cambiar a expresión: ... *e tutelar*, pola de ... *e asesorar*.

6º.- Engadir a letra e) ao punto 2 do artigo 12. e) *Recibir e avaliar as propostas estratéxicas e xerais que trasladen á Mesa de Calidade Alimentaria e os Consellos Reguladores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas*.

7º.- Modificar a letra m) ao punto 7 do artigo 13. Recibir e avaliar as propostas *estratéxicas* que lle trasladen os consellos reguladores, as asociación sectoriais ás que se refire o artigo 61 e as asociacións sectoriais de empresas artesanais alimentarias.

8º.- Engadir ao final do texto do punto 1 do artigo 37, o seguinte parágrafo. *Tanto a carta de artesán/artesá como o uso de temos protexidos sinalados no artigo 38 e 39 deben contar coa aprobación de 2/3 do pleno do consello regulador no ámbito de actuación das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas para o mesmo produto*.

9º.- Modificar a letra q) ao punto 3 do artigo 51. v). Elaborar as liñas estratéxicas *de desenvolvemento e promoción* que permitan o impulso e crecemento da respectiva figura de protección da calidade alimentaria diferenciada, con rendibilidade para os diferentes elos da

correspondente cadea de valor e procurar o desenvolvemento dunha actividade no territorio que sexa económica, social e medioambientalmente sostible.

10º.- Eliminar o último parágrafo da letra f) do artigo 52. Elimínase o parágrafo: *No caso dos consello reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria*.

11º.- Eliminar os últimos parágrafos da letra h) do artigo 52. Elimínase: *Este plan deberá ser coherente coa planificación estratéxica da consellería competente e poderá prever a colaboración con outras figuras de protección da calidade diferenciada coas que comparta obxectivos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria*.

En Santiago de Compostela, a 12 de outubro de 2022

Santiago de Compostela. Rúa Tomiño, nº 22 - Soto. 15703 - Stgo. de Compostela. A CORUNA. Aptdo.: 2069. **T** 981 584 783 - 981 584 911 **F** 981 571 730 agaca@agaca.coop
Lugo. Rúa Poeta Noriega Varela, nº 30 - Etplta. 27004 - Lugo. LUGO. **T** 982 201 514 - 982 201 543 **F** 982 202 056 agacalugo@agaca.coop
Ourense. Rúa Bedoia, nº 7 - 2º - Of. 1. 32004 - Ourense. OURENSE. **T** 988 242 481 **F** 988 242 480 agacaourense@agaca.coop
www.agaca.coop